

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Interpretación de enlace idioma 1: Inglés-Galego				
Materia	Interpretación de enlace idioma 1: Inglés-Galego			
Código	V01G230V01514			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición				
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Baxter , Robert Neal			
Profesorado	Baxter , Robert Neal Currais Arcay, Jacobo Gómez López, Elisa			
Correo-e	jstefanlari@yahoo.com			
Web				
Descrición xeral	Materia introdutoria ás técnicas de interpretación de enlace (IE) na modalidade de consecutiva que inclúe contidos teóricos básicos sobre a comunicación oral bidireccional, as distintas operacións realizadas durante a IE e as técnicas de procesamento da información para a IE e, sobre todo, a realización de exercicios prácticos de interpretación de enlace.			

Competencias	
Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
C1	Dominio de linguas estranxeiras
C2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
C3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
C4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
C12	Posuír unha ampla cultura
C13	Optimización de toma de notas, elaboración de resumos, síntese e reexpresión
C17	Capacidade de tomar decisións
C18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
C20	Facilidade para as relacións humanas
C21	Rigor e seriedade no traballo
C22	Destrezas de tradución
C25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
C27	Capacidade de razoamento crítico
C30	Coñecemento de idiomas
C33	Dominio oral e escrito da lingua propia
D1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia

D4	Resolución de problemas
D6	Capacidade de xestión da información
D7	Toma de decisións
D8	Compromiso ético e deontolóxico
D9	Razoamento crítico
D11	Habilidades nas relacións interpersoais
D13	Traballo nun contexto internacional
D17	Comprensión doutras culturas e costumes
D22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Proporcionar coñecementos teóricos básicos sobre os principios que rixen a interpretación de enlace.	A1 A4	C2 C17 C21	D6 D8 D9
Sentar as bases teóricas e metodolóxicas para a aprendizaxe das técnicas de interpretación de linguas, concretamente da interpretación de enlace.	A3 A4 A5	C1 C2 C17 C18 C21	D6 D7 D8 D9 D11 D13 D17 D22
Desenvolver as capacidades de comprensión, análise e produción do discurso oral nas linguas de traballo.	A1 A3 A4	C1 C2 C3 C4 C12 C13 C17 C18 C22 C25 C27 C30 C33	D1 D6 D9 D17 D22
Introducir as técnicas de procura documental e de elaboración de glosarios aplicados á interpretación de enlace.	A1 A5	C17 C18 C21	D1 D4 D6 D7 D9 D13 D22
Adquirir coñecementos sobre o mercado profesional da interpretación nos seus distintos ámbitos de traballo e concretamente nos ámbitos de traballo da interpretación de enlace.	A2	C2 C17 C20 C21	D8 D11 D13 D22

Contidos

Tema	
1. A interpretación de enlace: caracterísiticas definitorias	1.1. Breve introdución á Interpretación de enlace. 1.2. A bidireccionalidade. 1.3. O intérprete como mediador: o uso da primeira ou a terceira persoa.
2. A división da atención	2.1. As canles de comunicación. 2.2. Limitacións e saturación das canles. 2.3. A asignación de recursos atencionais.
3. A anticipación da información: tipos de anticipación	3.1. Gramatical. 3.2. Fraseolóxico-cultural. 3.3. Psicolóxico-contextual. 3.4. Discursiva
4. O código deontolóxico do intérprete	4.1. Obrigas éticas e morais. 4.2. Obrigas administrativas. 4.3. Deberes dos clientes.

5. Os ámbitos de traballo	5.1. A interpretación social e nos Servizos Públicos: comisarías de policía, tribunais, hospitais, outras institucións públicas. 5.2. A interpretación nos negocios. 5.3. A interpretación nos Medios de Comunicación. 5.4. A interpretación diplomática. 5.5. O intérprete acompañante
6. Prácticas de exercicios introdutorios	6.1. Exercicios de clozing. 6.2. Exercicios de memorización. 6.3. Exercicios de división da atención. 6.4 Exercicios de reformulación en lingua 1 e en lingua 2
7. Prácticas de Interpretación de enlace	7.1. Produción: fluidez, seguridade, prosodia. 7.2. Transmisión de contidos: coherencia intra e intertextual. 7.3. Expresión: correción linguística.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Traballos de aula	36	72	108
Prácticas autónomas a través de TIC	0	22	22
Titoría en grupo	5	0	5
Sesión maxistral	4	8	12
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Descrición da materia e do curso. Formulación de obxectivos. Descrición da metodoloxía. Formulación dos criterios de avaliación.
Traballos de aula	Familiarización cos equipos de interpretación. Explicación e prácticas de exercicios introdutorios á IE. Corrección de exercicios. Produción e enunciación de intervencións para a súa posterior interpretación.
Prácticas autónomas a través de TIC	Prácticas individuais de IE (1-1, 2-2) a partir de visionado e escoita de sesións reais de entrevistas e debates en liña. Corrección de exercicios.
Titoría en grupo	Recoñecemento de fenómenos relevantes. Identificación e localización de problemas de lingua, de referencias culturais e sociais, gramática de contraste e tradución. Procura de solucións: tácticas e estratexias de traballo adaptadas ás necesidades e capacidades dos estudantes.
Sesión maxistral	Explicación de contidos teóricos da materia que se impartirán de forma transversal nas sesións prácticas de traballo nas aulas (laboratorios de interpretación).

Atención personalizada

Metodoloxías	**Descrición**
Prácticas autónomas a través de TIC	Exercicios a facer na casa.
Traballos de aula	Exercisios de interpretación e a sua corrección corrspondente.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Traballos de aula	Traballos de aula. Teranse en conta só para os estudantes que se acollan á avaliación continua. Valorarase a participación na resolución de problemas derivados da práctica da IE, así como a elaboración e enunciación de intervencións baixo a forma de entrevistas, debates ou negociacións que serán posteriormente interpretados polos estudantes.	10	A1 A2 A3 A4 A5	C1 C2 C3 C4 C12 C13 C17 C18 C20 C21 C22 C25 C27 C30 C33	D1 D4 D6 D7 D8 D9 D11 D13 D17 D22

Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	A proba consistirá nunha IE dunha entrevista ou intercambio de opinións enunciados polo profesor nas linguas da combinación (inglés e galego). Cualificaranse os seguintes elementos: -técnica: capacidade de lectura e escoita coordinadas, toma de decisións e resolución dos problemas. -contidos: coherencia intra e intertextual -produción: expresión oral, rexistro, fluidez, prosodia. - gramática e léxico. No caso de non rematar algunha das intervencións suspenderase a proba.	90	A1 A2 A3 A4 A5	C1 C2 C3 C4 C12 C13 C17 C18 C20 C21 C22 C25 C27 C30 C33	D1 D4 D6 D7 D8 D9 D11 D13 D17 D22

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para poder optar á avaliación continua será necesaria asistir a 80% das clases.

Data do exame final: Segundo o publicado no calendario oficial de exames.

É imprescindible, ademais, obter un mínimo de 5 sobre 10 na proba final para dar por aprobada a materia.

Tanto a avaliación única (para aqueles/as alumnos/as que non cumpriren cos requisitos estipulados para opteren á avaliación continua), como a segunda convocatoria, consistirán nunha proba de interpretación de enlace dunha entrevista ou intercambio de opinións enunciados nas linguas da combinación (inglés e galego). Nos dous casos, para aprobar a materia será necesario obter un mínimo de 5 sobre 10 na proba.

Bibliografía. Fontes de información

BAIGORRI, J., **La Interpretación de conferencias: el nacimiento de una profesión**, 2000,

COLLADOS, A. e FERNÁNDEZ SÁNCHEZ, MM., **Manual de interpretación bilateral**, 2001,

GENTILE, A., OZOLINS e VASILAKAKOS, M., **Liaison interpreting: A Handbook**, 1996,

GILE, D., **Basic Concepts and Models for Interpreter and Translator Training**, 1995,

GILLIES, A., **Note-Taking for Consecutive Interpreting-A Short Course**, 2005,

HERBERT, J., **The interpreter's handbook**, 1956,

ROZAN, J.F., **La prise de notes en interprétation consécutive**, 1956,

VALERO GARCÉS, C. & DERHAM, A., **Mediador social=mediador interlingüístico=intérprete? Práctica, formación y reconocimiento del intérprete en los servicios sociales**, 2001,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Interpretación consecutiva idioma 1: Inglés-Galego/V01G230V01617
Interpretación simultánea idioma 1: Inglés-Galego/V01G230V01601

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Introdución á teoría da tradución e a interpretación/V01G230V01210
Cultura e civilización para a tradución e a interpretación (conceptualizacións básicas): Inglés/V01G230V01417

Outros comentarios

Recoméndase unha actualización permanente das informacións nacionais e internacionais utilizando material impreso e audiovisual así como o coñecemento dos debates internacionais sobre temas de distintos eidos.